



## **AUTOINFORME DE SEGUIMENTO**

**Máster Universitario en Física**

**Curso Académico: Curso 2018-2019**

**Comisión do Máster: 11/09/2020**

**Aprobado Comisión de Calidade e Docencia: 11/09/2020**

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
    - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
    - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
  - Dimensión 2. Recursos humanos
    - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
    - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
  - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
    - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
    - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Plan de Melloras](#)
  - [Curso 2018-2019](#)
  - [Curso 2019-2020](#)

### 1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO

Denominación do título	Máster Universitario en Física
Mencións/Especialidades	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Especialidade en Física Nuclear e de Partículas</li> <li>- Especialidade en Física da Materia</li> <li>- Especialidade en Física da Luz e da Radiación</li> <li>- Especialidade en Física Fundamental</li> </ul>
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	-
Centro responsable	Facultade de Física
Centro/s onde se imparte	Facultade de Física
Rama de coñecemento	Ciencias
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	-
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2014/2015
Data acreditación ex ante (verificación)	07/10/2014
Data renovación acreditación	15/09/2017

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### **CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:**

**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

#### **1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O Máster en Física é una titulación única no Sistema Universitario de Galicia, recoñecida como excepcional pola Xunta de Galicia que proporciona ao alumnado unha formación especializada en campos como a Física de Nuclear e de Partículas, a Física da Luz e da Radiación, a Física da Materia ou a Física Fundamental.

As catro especialidades ofertadas proporcionan ao alumnado unha formación sólida nas liñas estratéxicas marcadas pola axenda de investigación da Unión Europea (fotónica, nanotecnoloxía, materiais avanzados,...) para afrontar os retos sociais actuais, por exemplo, no campo da información e comunicación, enerxía sostible, optimización de recursos ou envellecemento saudable; e polos experimentos que se están a desenvolver nos principais laboratorios de referencia a nivel internacional (CERN, GSI, LIGO, Observatorio Pierre Auger, ...). As competencias adquiridas polos egresados garántenlles unhas condicións óptimas para iniciar un doutoramento en calquera centro de investigación nacional ou internacional ou de integrarse con éxito no mundo empresarial. A oferta formativa do Máster, conecta coas liñas de investigación e tecnoloxías de fronteira emerxentes permitindo iniciar ao estudante nestes campos que serán obxecto de gran demanda laboral nos próximos anos ben no mundo académico como nos departamentos de investigación de empresas en organismos nacionais e internacionais.

Tal e como sucedeu nos cursos anteriores a titulación de procedencia dos estudantes de novo ingreso foi maioritariamente o Grao en Física (12-2018-2019). Contamos cunha media de 18 alumnos por curso académico dende a súa implantación, sendo 12 o número mínimo de alumnos matriculados De acordo coas suxestións do informe de renovación da acreditación para incrementar a demanda, estúdiouse ampliar o perfil de ingreso pero tras un proceso de reflexión se concluíu que esa proposta era incompatible co nivel formativo das materias que compoñen o plan de estudos; ampliar o perfil a egresados con menor formación en Física, implicaría modificar os contidos dos programas para adaptalos aos seus coñecementos e competencias, perdendo, en consecuencia, interese para un graduado en Física. O obxectivo da titulación é formar físicos especializados en diferentes campos para que poidan desenvolver a súa actividade profesional a un alto nivel.

Non obstante, incorporouse como acción de mellora intensificar a captación de estudantes cun perfil análogo ao do Graduado en Física procedentes de universidades iberoamericanas dada a proximidade das linguas nas que se imparte a titulación: Galego e Castelán. Esta acción de mellora comezou a desenvolverse no curso 2018-2019 coa posta en marcha de dúas tarefas. Por un lado contactouse co Vicerreitorado con competencias en captación e proxección exterior facéndoo partícipe do interese da titulación en participar en feiras nacionais e internacionais ben a título propio ou corporativamente coa USC; manifestamos a conveniencia de adiantar as datas de preinscripción dos mestrados da USC e de flexibilizar os prazos de matrícula para estudantes alleos ao EEES. Por outro identificáronse universidades e institutos iberoamericanos que poideran estar interesados na nosa oferta formativa coa intención futura de asinar convenios. Comezamos a deseñar material informativo coa intención de intensificar a difusión durante o curso 2019-2020.

#### **1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.**

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.

- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

**Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:**

O plano de estudos desenvólvese segundo o especificado na memoria verificada no que respecta á organización das materias que constitúen a oferta docente (obrigatorias, optativas vinculadas e optativas libres) así como a súa vinculación coas especialidades. Neste curso considerouse procedente solicitar unha ampliación do catálogo de materias optativas libres como unha forma de responder ás recomendacións do informe da Comisión de Renovación da Acreditación para incrementar a demanda do máster modificando a oferta de xeito que o programa formativo resulte máis atractivo para o alumnado; ao mesmo tempo preténdese apoiar as liñas de investigación estratéxicas do IGFAE e de AEMAT e rentabilizar as capacidades formativas do máster para atraer tanto egresados propios como alleos, interesados ou non en acadar un doutoramento na USC. Durante o curso 2018-2019:

- Incorporouse a materia de Prácticas Externas con 3 ECTS como optativa curricular (que se viña ofertando dende o curso 2015/16 cun formato extracurricular).
- Solicitouse a incorporación a materia de Gravitación e cosmoloxía avanzada como optativa libre co fin de apoiar as liñas estratéxicas do IGFAE relacionadas coas ondas gravitacionais conectadas coa colaboración cinética LIGO
- Solicitouse a incorporación tamén a materia de Aprendizaxe automático en Física como optativa libre de carácter transversal co obxectivo de fortalecer a competencia dos nosos alumnos en computación e intelixencia artificial.
- Solicitouse o desdoblamento da materia de Teoría Cuántica da Información en dúas: Fundamentos de información cuántica e Sistemas físicos para ampliar e visibilizar a oferta existente no campo da tecnoloxía e información cuántica co obxectivo de formar estudantes que poidan aproveitar as oportunidades que aparecerán neste campo nos próximos anos tanto a nivel de doutoramento, dentro ou fora da USC, como no mundo empresarial.
- Solicitouse a substitución da materia Sistemas nanoestructurados por Simulación avanzada de materiais para complementar a formación en métodos computacionais aplicados ao campo dos materiais, na que se tratan aspectos relacionados cos sistemas nanoestructurados
- Modificouse o nome a materia Técnicas experimentais en física nuclear por Tecnoloxías en experimentos de precisión en física nuclear e de partículas ao considerar que describe mellor os obxectivos formativos da materia

Estas accións son o resultado da acción de mellora AM-01 programada para o curso 2018/2019 e que se dá por finalizada. Outra das accións de mellora derivadas do informe de renovación da acreditación estaba relacionada coa difusión da titulación dentro e fora da USC.

Para difundir entre o alumnado as novidades que se ían facer realidade no curso 2019-2020, deseñáronse carteis específicos para informar sobre as novas materias, itinerarios curriculares posibles dentro do máster, ofertas de emprego no ámbito das especialidades, as liñas de investigación asociadas e o perfil do profesorado. Parte desta cartelería foi difundida polas redes sociais e profesionais ás que o profesorado do mestrado está conectado.

Modificacións temporais de calendario: A organización temporal de materias respecta o esquema dos cursos anteriores por considerar que permite unha distribución de carga de traballo máis homoxénea, tendo en conta o deseño curricular típico do alumnado. As materias de 6 ECTS son cuatrimestrais, e as de 3 ECTS seguen a ser bimestrais. Mantense tamén o período sen actividade docente programada entre bimestres, para que os estudantes rematen as actividades de avaliación do primeiro e terceiro bimestre. A organización de cada cuatrimestre pode consultarse en <http://www.usc.es/es/centros/fisica/Máster.html>. Cambiouse de semestre a materia optativa Sistemas láser, que se imparte no cuarto bimestre.

Durante este curso, propóñense pequenos cambios para mellorar a distribución da carga académica entre os dous semestres durante os que se imparte o Máster. En concreto, para o curso 2019-2020 consistentes en intercambiar as materias Mecánica Estadística II (terceiro bimestre) e Ampliación de Estado Sólido I (segundo bimestre); así Mecánica Estadística II impartirase xusto a continuación da Mecánica Estadística I e Ampliación de Estado Sólido I, xusto antes que

Ampliación de Estado Sólido II, facilitando ao alumno o seguimento das materias.

Neste quinto curso de implantación cubríronse 16 prazas das 20 esixidas polo decreto de titulacións. Anque o Máster acadou o carácter de titulación excepcional, a comisión considera necesario incentivar a matrícula. Identificamos algún aspectos clave nos que incidir:

- Aproveitar as oportunidades que ofrece o interese do alumnado na mobilidade e as facilidades que existen hoxe en día para atraer estudantado doutras universidades.
- Explorar oportunidades en Iberoamérica. Neste aspecto, como xa comentamos estanse a estudar as posibilidades de realizar convenios con institutos iberoamericanos e a participación en feiras
- Aproveitar o prestixio do Instituto Galego de Altas Enerxías e das agrupacións estratéxicas AEMAT e CRETUS para atraer a egresados propios e alleos con vistas a realizar un doutoramento.
- Apoiar as liñas estratéxicas destas estruturas de investigación.
- Visibilizar o alto nivel de especialización que ofrece o Máster en Física en campos de gran interese estratéxico xa que se detectou a errónea percepción de que se trata dunha oferta xeneralista pouco especializada.
- Establecer lazos co mundo empresarial, comezando co tecido empresarial galego e pouco a pouco estendelo a nivel nacional e internacional.
- Crear unha páxina web específica do Máster de Física que ofrezca un aspecto actual e acorde coa calidade da formación que se imparte. A páxina web incluírá información sobre as especialidades e as optativas, así como das ofertas de prácticas externas en empresas, fundacións e grupos de investigación.
- Acadar pouco a pouco os estándares de calidade esixidos nas convocatorias de excelencia.

Desde o curso 2015-2016, non dispoñemos de datos oficiais sobre a ratio de estudantes por profesor a tempo completo, pero podemos estimar que a media está en torno a 0.27 se consideramos que hai 16 alumnos matriculados e imparten docencia nesta titulación 60 profesores.

Non houbo solicitudes de mobilidade de saída pero si de entrante (INF. 03) que corresponde cun 6.67% (IN08) da matrícula e Trátase dun estudante procedente da Universitá di Bologna-Alma Mater Studiorum (Italia) que amosou un alto grado de satisfacción (4).

No que respecta ás titulacións de procedencia dos estudantes, dos 16 alumnos matriculados no Máster de Física 12 deles son de novo ingreso e todos verán titulados no Grao de Física da USC.

No curso 2018/2019, a procedencia xeográfica do estudantado do Máster en Física repartíase entre tres comunidades autónomas: 3 estudantes do Principado de Asturias, 2 de Castilla León e 10 da Comunidade Autónoma de Galicia ademais de 1 estudante italiano dentro do programa ERASMUS.

### **1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os mecanismos de coordinación establecidos, que xa foron descritos en anteriores informes de seguimento, son:

- Coordinador da materia, figura definida na normativa de organización docente da USC que se nomea ao aprobarse o Plan de Organización Docente ,POD (Subproceso de SGIC, S02-PC-03 Elaboración y aprobación del POD por los departamentos) que velará para que cada materia se desenvolva segundo o establecido na programación

docente correspondente, para que os contidos e a súa distribución temporal se adecúen aos horarios aprobados polo centro, ao PODE a Memoria do Título.

- Coordinador da especialidade, figura creada pola Comisión Académica do Mestrado en Física (CAM), que ten entre as súas competencias garantir que a superposición de contidos entre materias sexa a necesaria e que a distribución de carga de traballo ao longo do curso sexa equilibrada; ademais é o interlocutor co alumnado co que se comunica a través da figura de delegado; debe actuar como intermediario entre profesorado e alumnado e, entre estes e a CAM, así como calquera outra tarefa que lle encomende a CAM.

Coordinador de TFM que dirixe a asignación de TFM, a configuración dos tribunais avaliadores, a organización da defensa e velar por que todo o proceso se desenvolva segundo o previsto na normativa e a guía docente. Esta figura está definida na normativa da USC e é nomeada pola CAM (Regulamento do Traballo Fin de Grao e Traballo Fin de Máster en Física)

[http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/fisica/descargas/TFGM17-18/TFGM2017\\_A.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/fisica/descargas/TFGM17-18/TFGM2017_A.pdf)

- Delegado de especialidade que se elixe ao comezo de cada curso entre o alumnado para actuar como interlocutor entre os estudantes e os distintos coordinadores ou a propia CAM.

Os coordinadores de especialidade son membros natos da CAM. A CAM réunese de forma periódica para avaliar o desenvolvemento da docencia e deseñar estratexias de mellora no título.

No que respecta ás prácticas externas, no curso 2018/2019, convocáronse nove prazas (1 en AIMEN, 6 no IGFAE, 1 no Grupo de Materia Blanda e Biofísica Molecular do Departamento de Física Aplicada, 1 no Departamento Física de Partículas dentro do grupo de Física de Coloides e de Polímeros) das que se asignaron 3 (1 en AIMEN e 2 no IGFAE).

Neste curso non dispoñemos de información sobre o ítem do informe de satisfacción coa formación recibida nestas prácticas, pero no curso anterior obtivo unha valoración alta (4) e o feito de que aumentara a solicitude de prazas é un indicador positivo.

Este Máster impártese en modalidade presencial. Este carácter xunto co modelo de avaliación continua esixe que o alumnado asista a clase con regularidade. Normalmente a porcentaxe de asistencia a clase supera o 95%.

#### **1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Dado que o obxectivo do máster é que o alumnado se especialice en temas avanzados de distintos campos da Física, o perfil de ingreso recomendado se corresponde con estudantes que teñan unha boa formación en Física e en Matemáticas como a que proporciona una titulación de Grao en Física ou algunhas enxeñarías. Non se tramitou ata o momento ningunha solicitude que demandara complementos de formación.

Na Memoria do Título non se contempla un curso de adaptación dado o perfil de ingreso requirido e o perfil tradicional dos solicitantes. De feito, no curso 2014/15 os solicitantes foron 22 graduados e 4 licenciados en Física, 8 e 1 respectivamente no 2015/16, e 13 Graduados en Física no 2016/17. No 2017/18 os matriculados son 17 graduados en Física, 5 deles de universidades alleas ao SUG, e tres alumnos coas titulacións de Bachelor in Science da Universidade de Utah-Xordania, Grao en Enxeñaría da Enerxía da Universidade de Vigo e Bachillerato en Ciencias en Enxeñaría Eléctrica de Puerto Rico. Aparte dos estudantes procedentes de programas de intercambio. No curso 2018/2019 o perfil de ingreso é moi homoxéneo, dos 16 matriculados no Máster de Física 15 deles son graduados en Física (maioritariamente da Universidade de Santiago de Compostela, 3 procedentes da Universidade de Oviedo e 2 da Universidade de Valladolid) e 1 deles é un estudante do programa Erasmus.

### 1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Hai dúas resolucións reitorais de equivalencia.

O perfil de ingreso maioritario do alumnado segue a ser de licenciado/graduado en Física por unha universidade española, A formación recibida por este alumnado é similar á dun egresado da USC, polo que se atopa en boas condicións para abordar o estudo deste Máster con éxito. A nota media de acceso foi de 7.60 (sobre 10), tendo o 100% do alumnado una nota de acceso superior a 6.

O mecanismo de avaliación baséase na avaliación continua, se ben dáselle ao alumnado a oportunidade de realizar un exame nas datas oficiais. O profesorado, en base ao acordo da CAM na sesión celebrada en 16/01/2015, explica nas aulas directamente ao alumnado os criterios de avaliación e cualificación coa maior claridade posible respectando o establecido na programación docente, que son revisadas anualmente. Os prazos e procedementos establecidos na normativa de avaliación respéctanse e as actas soen asinarse en prazo seguindo o marcado nos procedementos do SGIC.

Normalmente a maioría dos estudantes acadan o título nun ano. No curso 2017-2018 tres alumnos non defenderon o TFM en ningunha das convocatorias. No curso 2018-2019, dos 16 alumnos matriculados no Máster remataron 14, todos os de novo ingreso e 2 dos repetidores. O terceiro alumno non rematou aínda o Máster (faltaríalle superar o traballo fin de Máster pero non aparece matriculado no curso 2019/2020). O alumno de intercambio cursou só dúas materias do Máster: Teoría cuántica de campos e Física de partículas I.

O Regulamento de Traballo Fin de Grao e do Traballo Fin de Máster en Física, aprobado pola CAM de acordo coa normativa aprobada polo Consello de Goberno, permite programar con tempo os procedementos de oferta, asignación, selección de tribunais, defensa e avaliación. Excepto a configuración de tribunais, que se realiza con posterioridade, tanto a oferta como os prazos son coñecidos polo alumnado antes de que comece o período de matrícula.



## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.**

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

#### Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:

A información pública relativa ao Máster Universitario en Física atópase na páxina web institucional: <http://www.usc.es/Másteres/> á que tamén se pode acceder dende a web da Facultade de Física: <http://www.usc.es/gl/centros/fisica/index.html>. Horarios das clases, calendario de exames, programacións docentes, normativas e regulamentos de aplicación poden ser consultados.

Esta información atópase tamén na web propia, <http://www.usc.es/gl/centros/fisica/Máster.html>, enlace que contén información que se vai actualizando segundo sexa necesario, á que poden acceder todos os grupos de interese (organización do cuadrimestre, horarios en formato máis amigable, información sobre o TFM, información prácticas externas, ofertas de emprego,...).

A satisfacción dos egresados coa información amosa un lixeiro ascenso con respecto ao cursos anteriores (INF-09). Véxase por exemplo a valoración dos seguintes ítems pero téñase en conta que o número de cuestionarios cubertos foi 6 (2015-2016), 1 (2016-2017), 2 (2017-2018) e 2 (2018-2019):

- Valora a información e apoio recibidos na actividades de acollida e presentación realizadas polo centro, con:
  - 2015-2016 con un 4 (sobre 5) sendo a media global 3,18
  - 2016-2017 un 3 (sobre 5), sendo a media global dun 3,23.
  - 2017-2018 un 1.5 (sobre 5), sendo a media global dun 3,10
  - 2018-2019 un 1.5 (sobre 5), sendo a media global dun 3,03
- Información na propia Facultade o Título (web propia, presentacións...)
  - 2015-2016 un 4.33 (sobre 5) sendo a media global de 3.24
  - 2016-2017 con un 4 (sobre 5), sendo a media global de un 3,42.
  - 2017-2018 con un 1 (sobre 5), sendo a media global de un 3,23.
  - 2018-2019 con un 2.5 (sobre 5), sendo a media global de un 3,29

Co histórico dos ítems observamos que desde 2016-2017 produciuse un acusado descenso da valoración dos egresados coa información pública. Esta información levounos a deseñar unha acción de mellora para o curso 2019/2020 orientada á creación dunha nova páxina web do Máster de Física. Internet está sufrindo unha evolución constante e a antiga páxina web do Máster luce obsoleta para un alumnado cada vez máis habituado a acceder á información a través das redes sociais. O obxectivo será mellorar o diseño web e de programación para ter un acceso máis rápido á información. Tendo en conta que cada vez é máis frecuente que o alumnado acceda ás páxinas webs a partir dos teléfonos móbiles, impónse unha presentación da información máis modular e mellor organizada. Na nova páxina web farase unha presentación do Máster compartimento en especialidades co contido curricular correspondente. Este desenvolvemento é o obxecto dunha acción de mellora plantexada para o curso 2019/2020 que axudará a mellorar a nosa imaxe cara o mundo exterior e permitirá mellorar a valoración dos egresados coa información pública.

Este resultado contrasta co que figura no informe de satisfacción do alumnado coa titulación do curso 2018-2019 (INF 22) xa que o grupo de interese coincide e a visión é moi diferente

- A información dispoñible sobre a titulación: 3.50 sendo a media global da USC 3.39

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

#### **3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detecta debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

#### **Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:**

A información relevante, que se analiza na CAM, procede de dúas fontes: por un lado, os indicadores facilitados pola área de calidade e, por outro, información recollida no propio centro. Esta última recíbese a través dos delegados de curso, dos coordinadores e da unidade administrativa que nos pode facer partícipes de dificultades técnicas non previstas. A información á que ten acceso o centro é a relativa ao destino dos egresados, equipamentos de aulas e laboratorios e infraestruturas en xeral, adecuación de horarios, baixas por enfermidade de profesores, etc. Esta fonte de información é moi importante porque, de detectarse algunha disfunción, a CAM ten a oportunidade de solucionar o problema en tempo real.

A Comisión Académica do Máster, a través dos seus membros e especialmente dos coordinadores de especialidade, revisa a información polo menos catro veces ao ano (ao comezo de cada bimestre e ao final de curso) e as súas reflexións utilízanse nos informes de seguimento.

As opinións do alumnado do máster, a través dos seus delegados, son expresadas na Comisión onde expoñen as debilidades detectadas e formulan propostas de mellora para cada especialidade ou para o Máster en xeral.

A avaliación da docencia está orientada á mellora continua da calidade das ensinanzas, e inclúe por un lado a análise da satisfacción dos estudantes coa docencia que reciben e, por outra, a satisfacción do profesorado que a imparte.

Dende o centro, trátase de incentivar a todos os grupos de interese a que realicen as enquisas de satisfacción, aínda que a porcentaxe de participación é moi baixa. Dende o decanato envíanse mensaxes electrónicos recordatorios. Incrementar esta porcentaxe é unha acción de mellora para desenvolver este curso.

Non se teñen rexistrado reclamacións.

#### **3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2018-2019 leváronse a cabo as recomendacións do proceso de renovación da acreditación que conduciron a unha modificación do sistema de garantía interno de calidade (SGIC) e a unha adaptación do manual de procesos do SGC. O obxectivo fundamental destas modificacións consistiron en adecuar o SGC as necesidades do centro e reforzar o papel da comisión de calidade, na actualidade denominada Comisión de Calidade e Docencia. O SGIC foi aprobado en Xullo do 2019.

Adaptouse e Regulamento de Réxime Interno (RRI) á normativa vixente introducíndose unha serie de modificacións. O novo documento do RRI aprobouse en Xunta de Facultade o 26 de abril de 2019 e foi aprobado polo Consello de Goberno da USC en setembro dese mesmo ano. No RRI establecéronse como comisións delegadas da Xunta de Facultade: a comisión de calidade e docencia, as comisións académicas das titulacións adscritas á Facultade cuxa oferta docente estea asignada maioritariamente ás áreas dos departamentos con sede na Facultade e a Comisión de Infraestruturas e Asuntos Económicos aparte das que a normativa da USC define por defecto

Outras comisión non delegadas son: a comisión de coordinadores de laboratorio, comisións académicas das titulacións adscritas pero con oferta docente limitada nos departamentos con sede na Facultade, a de actividades culturais, biblioteca e a comisión de honras e distinción.

Os procesos de reflexión e revisión derivados da aplicación SGC son fundamentais para deseñar as modificacións formuladas no título e corrixir debilidades non previstas.

A acción de mellora AM-01 que tiña por finalidade incrementar a demanda do Máster reorganizando a oferta e presentando un programa formativo máis atractivo para o alumnado; ao mesmo tempo que se pretendía apoiar as liñas de investigación estratéxicas do IGFAE e de AEMAT e rendibilizar as capacidades formativas do Máster para atraer tanto egresados propios coma alleos, tivo unha eficacia razoable pasando de 13 alumnos no curso 2016/17 a 20 no 2017/2018 e 16 no 2018/2019. No curso 2018/2019 traballamos conxuntamente co SXOPRA nunha modificación non sustancial da Memoria do Título que tiña por obxecto clarificar, competencias, actualizar a oferta docente de optativas libres e corrixir algunhas erratas. O borrador foi aprobado pola Comisión do Título, pola Xunta de Facultade pero a Vicerreitoría de Titulacións acordou no último momento, no Consello de Goberno non tramitala o que deixou a Facultade moi desconcertada.

### 3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A última revisión do Manual de procesos do SGC tivo lugar no curso 2018-2019 onde se adaptaron os fluxos dos procesos descritos no Manual ás necesidades e modo de funcionamento da Facultade de Física. A comisión de calidade elaborou o sistema de garantía interno de calidade en colaboración con todos os grupos de interese da Facultade a través de reunións periódicas onde se comunicaba os plans de mellora introducidos. As novas estruturas das comisións do centro eran obxecto dunha acción de mellora (AM-6) que se dá por finalizada.

Non se conseguiu un incremento da participación nas enquisas de satisfacción nin por parte do alumnado, nin por parte do profesorado (número de enquisas do 2018/2019), a pesar das campañas realizadas polo centro, que parecen ser insuficientes e esixen continuar accións de mellora nesa dirección. En particular no curso 2018/2019 lanzáronse enquisas dúas veces co fin de coñecer o grao de satisfacción dos egresados co Máster así como o destino dos mesmos. Da enquisa que se enviou por correo electrónico a cada egresado en marzo e en abril dese mesmo ano contestaron só

3. Do total de egresados que contestaron os tres están realizando un doutoramento. A información sobre o destino dos egresados recabouse tamén de forma extra-oficial e obtívose información acerca de 10 egresados. Todos eles admitidos en programas de doutoramento da USC.

A través da Delegación de Alumnos establecéronse accións orientadas a incrementar a participación deste colectivo e a canalizar de xeito máis directo ás súas queixas e suxestións de melloras.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Máster Universitario en Física conta con persoal suficiente e moi cualificado para garantir unha atención moi personalizada ao alumnado..

Durante o curso 2018/2019, 66 profesores impartiron docencia no Máster (E15). Desglosando por categorías profesionais: 12 Catedráticos de Universidade asumen o 18.18% da docencia, 38 Profesores Titulares de Universidade o 57,58% da carga docente, 1 Catedrático de Escola Universitaria, 8 Contratados Doutores, 1 profesional de áreas externas, 1 investigador Juan de la Cierva, 1 investigador Ramón y Cajal e 3 profesores Eméritos imparten a porcentaxe restante da docencia do Máster. Os seguintes indicadores describen o perfil típico do profesorado involucrado na docencia do máster:

- IN24C-PS-01 Porcentaxe de Persoal Docente Investigador con sexenios sobre o PDI con docencia no título cun valor de 98.39% sendo a media da USC un 88,27%
- IN25C-PS-01 Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total, e dun 100%, sendo a media da USC un 89.38%
- IN26C-PS-01 Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total, cun valor do 83.87, a media da USC un 54.64%

Este perfil é extrapolable aos títulos dos TFM no curso 2018/19: 1 Catedrático de Universidade , 10 Profesores Titulares de Universidade, 4 contratado doctores e 3 investigadores Ramón y Cajal

No curso 2018/2019, a porcentaxe de participación no Programa de Formación e Innovación Docente foi excepcionalmente alta, dun 28,20% se a comparamos cos cursos anteriores 7,94% no 2017/2018, 8.62% no 2016/2017 ou o 22,03% do 2015/16.

Neste curso 2018/2019 non dispoñemos de datos da satisfacción global do PDI coas actividades formativas recibidas que en cursos anteriores recibía unha valoración media dun 4.44 no curso 2014/15, dun 4.33 no curso 2015/16 (sobre 5), 4.30 no curso 2016/17 e 4.39 no 2017/18. Pero na totalidade dos bloques da enquisa (INF.10) (organización, percepción da aprendizaxe) a valoración supera o 4.24. Por exemplo, o ítem *Recomendaría a outros compañeiros que se matricularan nos respectivos cursos* foi respostado nun 90.6% cun sí.

Aínda que a porcentaxe de participación do profesorado en programas de mobilidade docente é tradicionalmente moi baixo (1.52% en 2018/2019 e de 1.69% en 2015/16, non temos datos dos curso 2016/17 e 2017/2018 HOUBO?), a mobilidade por motivos de investigación é das máis elevadas da USC. Durante os anos 2016 e 2017 tramitáronse 373 y

194 permisos cortos de investigación (inferiores a 7 días) así como 14 e 20 Licenzas de investigación (superiores a 7 días), respectivamente. Durante o 2018 tramitáronse 186 permisos e 18 licenzas de Investigación. No curso 2019 tramitáronse 10 licenzas de investigación (superiores a 7 días) e ao redor duns 180 permisos curtos. O centro recibe numerosos investigadores, algúns dos cales imparten seminarios aos que están invitados os nosos alumnos. Cómpre destacar os Seminarios do IGFAE e da Agrupación Estratéxica AeMAT

**4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A Facultade de Física conta con persoal de apoio para todas as titulacións adscritas ao centro. Este persoal corresponde aos técnicos de laboratorio (5 efectivos), ao persoal da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos (7 efectivos), ao da área de bibliotecas (5 efectivos) e ao da área de conserxería (6 efectivos, un deles cas funcións de conserxe e dous coas competencias de auxiliar técnico informático). Baixo a responsabilidade do conserxe atópanse o edificio central, os Bloques IV y V no edificio Monte de la Condesa e tamén a Facultade de Óptica e Optometría.

En cada informe de seguimento insistimos nun aspecto que perxudicou notablemente ao funcionamento do centro: no ano 2015, como resultado dun proceso de contratación e dunha política de centralización de servizos, perdeuse o Técnico de Informática con sede no centro que atendía, case en tempo real, as necesidades puntuais e a posta a punto do material informático e audiovisual docente. A descentralización deste posto xerou, e continúa a xerar, moitos problemas dende entón pois a resposta da área TIC non é o suficientemente áxil e con frecuencia non resolve as incidencias en tempo real, algunhas das cales o precisan

O plan de formación que está a disposición tanto do persoal laboral como funcionario, está ben valorado situándose este curso nun 7,84 sobre 10. O 55.89% dos participantes na correspondente enquisa de avaliación consideraron que, tanto a información previa dos cursos convocados como o sistema de selección, son merecedores dun 6,10 e dun 8.06 sobre 10. Participou neste plan un 33.33%.

O grao de satisfacción medio do PAS coas actividades de formación desenvolvidas foi dun 7.84 sobre 10. Ademáis, un 89 % recomendaría a outros compañeiros que se matricularan nos cursos. A valoración sobre as aulas e instalacións empregadas para a súa impartición obtén un 7.90.

Con respecto aos obxectivos formativos, valoráronse cun 7,93 a adquisición de coñecementos de acordo aos obxectivos propostos, valoración similar á obtida nos dous anos anteriores, e se consideraron acertados tanto os contidos teóricos (7.99/10) como prácticos dos ditos cursos (7.57/10) cumpríndose globalmente as expectativas de aprendizaxe (7.63 /10). En canto á tipoloxía do usuario, predomina este curso a participación de mulleres (63%) sobre os homes (37%). Ao persoal con máis de 20 anos de antigüedades pertence o 46% das solicitudes de participación. Tamén consideramos destacable que, por categorías e/ou réxime xurídico os grupos C1, C2 e A2 acumulen o 75 % do total de participación.



## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

**Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.**

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

#### **5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os recursos materiais e os servizos postos a disposición dos estudantes axústanse aos especificados na Memoria de Verificación e se adecúan ás necesidades do título. Esta mesma é a percepción dos grupos de interese, PDI e alumnos excepto a dos egresados, que é moi negativa, outorgando un 1.5 sobre 5 (aínda que so se cubriron dúas enquisas) segundo se desprende das enquisas de satisfacción realizadas, que se analizan ao final deste apartado. O curso pasado a valoración foi parecida (1.5 sobre 5) no 2017/2018 e de (2 sobre 5) no 2016/2017 en contraste co 2015-2016 que foi de 4 sobre 5.

